

**Autoinformes 2
IES Salvaterra de Miño
AC 16-17**



Profesoras 1º ano:

Marga del Amo


Begoña Terlera

Adriángela Menéndez

Lucía Ferreiro

Andrea Moreno

Verónica Simón



Autoinforme 2: Aplicación de una estructura del Ámbito B	
Profesor/a	Marga Del Amo Blanco
Centro	I.E.S Salvaterra de Miño
Curso y Grupo	1º E.S.O A
Área	Educación Física
Unidad Didáctica	Expresión Corporal
Para:	He llevado a cabo la siguiente actividad:
expresarse con su cuerpo	Juego de las películas
He utilizado la siguiente estructura:	1-2-4
Descripción de la estructura aplicada:	
<p>Grupos de 8 alumnos: 4 intentar adivinar la película que otros cuatro representan mediante movimientos y gestos. Primero intentan individualmente adivinar la película. Luego se ponen en parejas y comentan lo que creen que están representando sus compañeros y por último entre los 4 intentan adivinar cual es el título de la película.</p>	
Valoración de la estructura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dudas...):	
<p>Les ha resultado más difícil adivinar la película individualmente (siempre hay algún espabilado que la adivina a la primera), pero la mayoría decían que cuando se juntaban los cuatro, entre las aportaciones de cada uno de los que la sabían, conseguían adivinar. Por tanto, mucho mejor el trabajo en equipo.</p>	

Autoinforme 2: Aplicación de una estructura del Ámbito B

Profesor/a	Begoña Terlera
Centro	IES SALVATERRA
Curso y Grupo	4º ESO A-B
Área	Economía
Unidad Didáctica	A Empresa.

Para: Que sexan capaces de atopar unha definición do concepto empresa elaborada e consensuada por eles que incorpore todos os elementos explicados previamente.	He llevado a cabo la siguiente actividad: Dinámica de grupos para afianzar coñecementos. Cada un debe aportar a súa propia definición de empresa para chegar a un acordo de todos os membros do equipo. Finalmente os voceiros de cada grupo expoñen o resultado ao resto da clase e faise unha posta en común para chegar a unha solución aceptada por a maioría.
He utilizado la siguiente estructura:	1-2-4

Descripción de la estructura aplicada:

Na *estrutura cooperativa 1,3* ou *1,2,4* hai dúas ou tres fases dependendo do número de membros do equipo:

- 1ª Trabajo individual
- 2ª Confrontación do traballo individual por parellas (no caso de equipos de 4 membros) ou en trío (no caso de equipos de 3 membros)
- 3ª Confrontación do traballo das parellas co resto do equipo.

Autoinforme 2: Aplicación de una estructura del Ámbito B

Profesor/a	ANDREA MORENO
Centro	IES SALVATERRA DO MIÑO
Curso y Grupo	4º ESO A/B
Área	XEOGRAFÍA E HISTORIA
Unidad Didáctica	INICIOS DO SÉCULO XX

Para: Realizar un trabajo obrigatorio por grupos.	He llevado a cabo la siguiente actividad: VÍDEO EXPLICATIVO
He utilizado la siguiente estructura:	LECTURA COMPARTIDA

Descripción de la estructura aplicada:

Cada grupo tiña asignado un tema distintos: Causas da I Guerra Mundial, Etapas, Consecuencias, Causas da Revolución Rusa, Etapas, Felices Anos 20, Crise do 29... do que logo terían que facer un vídeo explicativo. Tratábase de facer unha toma de contacto co tema asignado. Dinlles aos alumnos e alumnas un texto de cada tema e tiveron que facer un resumo do mesmo, aplicando esta estrutura.

Valoración de la estructura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dudas...):

Os grupos xa estaban previamente creados polo que aí non houbo problemas destacables.

Algún membro dos grupos costoulles poñerse a traballar en serio, tendo que estar moi enriba deles para que fixeran a actividade.

En xeral foi unha experiencia positiva, xa que se conseguiu que todos os membros do equipo leran o texto e o traballasen.

Autoinforme 2: Aplicación de una estructura del **Ámbito B**

Profesor/a	Lucía Ferreiro Liñares
Centro	IES. Salvaterra de Miño
Curso y Grupo	3º PMAR
Área	Ámbito científico
Unidad Didáctica	UD. 7 “ Reprodución e sexualidade”

Para: Dentro do apartado das ETS traballaremos sobre a SIDA	He llevado a cabo la siguiente actividad: Lectura dun texto e posterior posta en común do grupo aula
He utilizado la siguiente estructura:	” Lectura compartida ”

Descripción de la estructura aplicada:

Agrupamos ao alumnado en equipos de 3 e 4 persoas e repartímoslles a cada membro as instrucións da estrutura escollida e o texto en cuestión. Como os parágrafos eran irregulares, establecimos unha división diferente en base á extensión do texto para que así leran aproximadamente o mesmo cada membro do equipo. Ao finalizar tódolos equipos fixemos unha posta en común de forma oral entre todos.

Valoración de la estructura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dudas...):

A valoración foi moi positiva tanto pola miña banda como polos alumnos. Excepto nun dos equipos, no resto a participación foi moi activa, tódolos membros asumiron o papel correspondente en cada momento e mantiveronse en actividade ata finalizar.

Con respecto ao equipo que peor funcionou, podemos chegar á conclusión de que se debeu á falta de conexión entre os seus mebrs.

Polo tanto, a grandes rasgos afirmamos que a dinámica funcionou e que gustoulles aos alumnos.

Autoinforme 2: Aplicación de una estructura del Ámbito B

Profesor/a	ADRIÁNGELA MENÉNDEZ LLORENTE
Centro	IES SALVATERRA DO MIÑO
Curso y Grupo	2º ESO A/B/C/D
Área	XEOGRAFÍA E HISTORIA
Unidad Didáctica	AS REVOLTAS IRMANDIÑAS

Para: traballar sobre as Revoltas Irmandiñas a través da análise de documentación histórica (fontes primarias e secundarias)	He llevado a cabo la siguiente actividad: Realizar un resumo de dous textos (un histórico e outro historiográfico) e contestar unha serie de cuestión sobre os mesmos.
He utilizado la siguiente estructura:	LECTURA COMPARTIDA

Descripción de la estructura aplicada:

Repartín a cada alumno da aula dous textos sobre as Revoltas Irmandiñas (un texto dun documento medieval e unha revisión historiográfica destas guerras) e unha serie de cuestións sobre os mesmos. Para traballar, dividín as clases en grupos de tres e catro alumnos (o número de alumnos por grupo foi establecido en función do número de alumnos de cada aula) e dinlle un número a cada alumno do equipo. A estrutura consistía en que os alumnos foran lendo e facendo un resumo consensuado dos textos, primeiramente parágrafo por parágrafo e finalmente de todo o texto e respostasen as cuestións plantexadas sobre eles. A aplicación da estrutura fíxose do seguinte xeito: un dos alumnos do grupo lee o primeiro parágrafo, o seguinte alumno (sempre seguindo o senso das agullas do reloxo) fai un resumo oral do mesmo, o seguinte fai o resumo escrito dese parágrafo e o último copia no caderno o resumo consensuado dese parágrafo. E así co resto dos parágrafos e sempre rotando os alumnos en cada tarefa no senso das agullas do reloxo, de forma que todos eles realicen cada un dos pasos da estrutura. Unha vez feitos os resumos de tódolos parágrafos, teñen que elaborar o resumo global entre todo o grupo. En canto as preguntas plantexadas teñen que consensuar entre eles as respostas das mesmas. Todos os integrantes do grupo teñen que ter apuntado no seu caderno tanto os resumos globais dos dous textos como as respostas das preguntas, xa que unha vez rematada a actividade o profesor preguntará a un número calquera (que corresponde cun alumno concreto de cada equipo), e a valoración e cualificación que o profesor faga da resposta dese alumno vai ser a mesma para tódolos integrantes do grupo.

Valoración de la estructura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dudas...):

A valoración xeral da actividade é positiva, xa que conseguín que traballase case a totalidade do alumnado en tódalas aulas onde fixen a actividade. Nembargantes, teño que dicir que levou bastante tempo que os alumnos entenderan o proceso que tiñan que seguir e tiven que repetir varias veces a dinámica da estrutura en cada clase, co cal a actividade se dilatou no tempo moito máis do que eu tiña previsto. Igualmente teño que salientar que nalgúns grupos foi totalmente imposible conseguir que determinados alumnos realizasen a actividade e colaborase co seu equipo (hai que dicir que foron casos moi puntuais e con alumnado que se nega a traballar sistemáticamente). Tamén foi complicado nalgúns grupos que os alumnos traballase dun xeito autónomo, tendo que estar continuamente pendente deles para que realizasen a actividade. Finalmente dicir que houbo queixas por parte dalgúns alumnos, xa que comentaron que no seu equipo tan só traballaron realmente un par deles, limitándose os outros integrantes do grupo a copiar o que eles facían, poñendo a excusa de que “non entendían os textos”, co cal o esforzo dalgúns alumnos foi moi superior ao dos outros.

Autoinforme 2: Aplicación de una estructura del Ámbito B

Profesor/a	Verónica Simón Otero
Centro	IES Salvaterra de Miño
Curso y Grupo	2ºD
Área	Ámbito científico
Unidad Didáctica	La Materia

Para: Afianzar os contidos ao rematar a unidade.	He llevado a cabo la siguiente actividad:
He utilizado la siguiente estructura:	1,2,4

Descripción de la estructura aplicada: Cada equipo ten unha tarxeta con un exercicio (que pode ser teórico ou práctico) de repaso da unidade xa rematada. Durante un tempo de 4 minutos (teñen un cronómetro online proxectado na pizarra dixital) teñen que facer o exercicio de forma individual. Rematados os 4 minutos poño o contador a cero e agora teñen dous minutos para polo en común con un compañeiro (o un co catro e o dous co tres). Rematados os dous minutos volvo a por o contador a cero e teñen outros dous minutos para por en común a tarefa entre os catro. Unha vez rematado o tempo escollo a un alumno de cada equipo e teñen que explicarlle ao resto da clase, en representación do seu equipo, o exercicio que lles tocou. Unha vez finalizado repetimos o procedemento con outro exercicio. Deu tempo añ facer dous exercicios por equipo. Cando o portavoz saia a representar ao seu equipo púñalle unha nota ao equipo.
--

Valoración de la estructura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dudas...): Estou moi contenta cos resultados obtidos, es xeral os alumnos estaban motivados. Aqueles alumnos que normalmente se esforzan loitaron por conseguir que no seu equipo todos tivesen claro o exercicio e os que normalmente non traballan non querían perxudicar aos compañeiros (eran como se tivesen unha responsabilidade añadida) e polo tanto fixeron un esforzo por entender o exercicio. Duda: Creo que non fixen ben a avaliación desta actividade xa que creo

que debería ter en conta máis aspectos. Por exemplo, ademáis de valorar se o portavoz foi quen de levar ben a cabo a actividade (esta nota é de equipo, non do portavoz), debería tomar unha nota do traballo cooperativo do equipo durante a realización da estrutura e outra de cada alumno individual.